

LECTURA

LETRAS enfermas



No país das letras, teñen moito traballo.

Cada mañá, todas as letras levántanse da cama e acoden rapidamente aos seus papeis, esperando impacientes a que alguén as lea.

Elas soas son pouquiña cousa, pero ao xuntarse unhas con outras, transmiten mensaxes e noticias importantes, e contan historias preciosas que fan soñar ás persoas.

Iso si, cada unha ten a súa importancia e o seu lugar e non se saen do seu sitio para que todo funcione adecuadamente.

Un día resultou que a letra **E** púxose enferma. A **W** axiña ofreceu a súa axuda. A pobre sempre se queixaba de ter pouco traballo porque, no noso idioma, utilízase en moi poucas palabras.

Rapidamente substituíuna e o resto das letras seguiron ocupando os seus lugares tan tranquilas:

- Total, por unha lwtra qw sw poña wnfwrma dw vwz wn cando, non vai a supoñwr un gran problwma, dixeronse.





Con todo, ao día seguinte, tamén enfermaron o **A** e o **J**. De novo, a fortachona **W** acudiu a resolver a situación e o traballo continuou no país das letras:

- ¿Contasme un conto mamá?

- Cómo non:

“Hwbíw unhw vwz un poblwdo nw quw vivíw unhw nenw moi
vwlentw chwmwdw W...”

Pero todo era máis grave do que parecía nun principio porque, ao outro día, faltaron o **O**, o **M** e o **C**, debía de tratarse dunha epidemia. As cousas complicáronse moito para todos:

- Viches o aviso do xornal? ¡E moi importante!:

W tewpw quw sw wspwrw pwrw hwxxw ws wuy whuviwsw,
¡pwr fwvwr, nwn swiwn w rúa swn ws swus pwrwugws!”

Déronse conta de que, aínda que a **W** traballase sen parar e as substituíse, iso non podía sosterse así por moito tempo.

A xente non conseguía entenderse de ningún xeito, os nenos e as nenas non podían ler os seus libros, e, o que era máis grave, non podían alimentar o seu vocabulario e a súa imaxinación.

As letras reuníronse inmediatamente para buscar unha solución.

Descubriron, entón, que o abecedario necesita que se ocupen del, que as letras, co uso, vanse ensuciando, enferman e deixan de parecer elas mesmas e o seu papel é demasiado importante como para deixar que iso suceda. Así é que decidiron que, a partir dese momento, era obrigatorio realizar cada mes unha limpeza a fondo de cada unha delas.

A “coma” quixo intervir pero o “punto e aparte” díxolle que a situación era moi urxente e que non era o momento de facer ningunha pausa.

- **Eu encargareime desa tarefa , e punto!, dixo.**

Ás veces resultaba bastante mal educado pero, a verdade é que nos momentos difíciles, sempre resolvía os problemas moi rapidamente.

Así se fixo e un tempo despois, o **E** comezou a recuperarse, e seguíronlle o **A** e o **L**. Finalmente, o **M**, o **O** e o **C** tamén melloraron e non houbo que lamentar máis letras enfermas.

A crise pasou e as letras descubriron que cun pouco de atención e coidado manteríanse sempre sas e, o máis importante, seguirían contando historias, dando noticias e acompañando aos nenos e nenas nos seus soños.



